



MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA INSTAR ÁS ENTIDADES BANCARIAS A QUE MANTEÑAN ABERTAS AO PÚBLICO AS SÚAS OFICINAS

Nos últimos tempos estamos asistindo ao peche sistemático de oficinas bancarias de distintas entidades. Un problema que afecta sobre todo á Galicia rural, pero que tamén ten consecuencias en Santiago de Compostela, sobre todo na cidade histórica.

A perda de servizos financeiros é un grave problema para unha importante parte da poboación que, por distintas circunstancias, ten dificultades para utilizar a banca en liña. Tamén ten consecuencias na economía local, dependente ao cen por cen das entidades bancarias.

Ao recente peche da oficina que o Banco Sabadell Gallego tiña na Rúa do Preguntoiro, súmase agora o anuncio do BBVA de pechar a súa oficina da Rúa do Vilar, o que supón unha perda irreparable para a zona, pois son numerosas as persoas que utilizan os seus servizos despois de 40 anos asentada na cidade histórica. Uns servizos que teñen gran demanda entre as persoas que visitan Santiago, polo seu emprazamento, no centro da Cidade Histórica; e que tamén benefician, en gran medida, ao sector comercial e hostaleiro.


Porque, con estes peches, tamén se ven afectados os sectores empresarial e comercial, aos que as entidades bancarias prestan servizos fundamentais para a supervivencia do negocio.

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos ao pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

1.- Solicitar ás entidades bancarias que operan no termo municipal que manteñan abertas as oficinas de servizo o público, dado que aínda seguen prestando un servizo presencial necesario para unha parte da poboación.

En Santiago de Compostela, a 30 de setembro do 2021



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Gumersindo Guinarte Cabada

Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Alejandro Sánchez-Brunete Varela

Voceiro do grupo municipal do PP

Marta Lois González

Voceira do grupo municipal de CA

Goretti Sanmartín Rei

Voceira do grupo municipal do BNG